

F2102007 – Actualización normativa para a atención á diversidade.

**8 de febreiro de 2022.
Manuel Trigás Verdini.**

- A LOE modificada pola LOMLOE.
- Proxecto de Real Decreto polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Proxecto de Real Decreto polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.
- Proxecto de Real Decreto polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.

- Proxecto de Real Decreto polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas do Bacharelato.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A LOE.

- O Ensino Básico.
- A Educación Primaria.
- A Educación Secundaria Obrigatoria.
- A Formación Profesional Básica.
- O Bacharelato.
- A Formación Profesional.
- Alumnado con Necesidades Educativas Especiais.
- Plans e Proxectos.
- Avaliacións de Diagnóstico.
- Datos Persoais do Alumnado.
- Programas e Estratexias de Atención ao Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo.
- Calendario de Aplicación.

A LOE. O ensino básico.

1/2

TÍTULO PRELIMINAR.

CAPÍTULO II: A organización das ensinanzas e a aprendizaxe ao longo da vida.

Artigo 3: As ensinanzas.

~~3. A educación primaria e a educación secundaria obrigatoria constitúen a educación básica.~~

3. A educación primaria, a educación secundaria obrigatoria **e os ciclos formativos de grao básico** constitúen a educación básica.

TÍTULO PRELIMINAR.

CAPÍTULO II: A organización das ensinanzas e a aprendizaxe ao longo da vida.

1. O ensino básico ó que fai referencia o artigo 3.3 desta Lei é obrigatoria e gratuíta para todas as persoas.
2. O ensino básico comprende dez anos de escolaridade e desenvolverase, de forma regular, entre os 6 e os 16 anos de idade. Non obstante, os alumnos e alumnas terán dereito a permanecer en réxime ordinario cursando o ensino básico ata os 18 anos de idade, cumpridos no ano no que finalice o curso, nas condicións establecidas na presente Lei.

A LOE. A Educación Primaria.

1/5

TÍTULO I. AS ENSEÑANZAS E A SÚA ORDENACIÓN.

CAPÍTULO II: Educación Primaria.

Artigo 18: Organización.

- ~~1. A etapa de Educación Primaria comprende seis cursos e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador.~~
1. A etapa de educación primaria comprende **tres ciclos de dous anos académicos cada un** e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador, **estarán orientadas ao desenvolvemento das competencias do alumnado e poderán organizarse en ámbitos.**

A LOE. A Educación Primaria.

2/5

TÍTULO I. AS ENSEÑANZAS E A SÚA ORDENACIÓN.

CAPÍTULO II: Educación Primaria.

Artigo 18: Organización.

No punto 2 establécense as materias.

Cambia a denominación dalgunhas delas.

-
- **Real Decreto** de ensinanzas mínimas e ordenación da etapa: primeira concreción xeral da organización, contidos mínimos, ...
 - **Decreto** polo que se establece o currículo en Galicia: concreción definitiva cos correspondentes currículos.

Artigo 20: Avaliación durante a etapa.

~~2. O alumno ou alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que acadou os obxectivos e o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, coun plan específico de reforzo ou recuperación.~~

3. **Ao finalizar cada un dos ciclos o titor ou titora emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno ou alumna, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo ou etapa seguinte.**

Se nalgún caso e tras ter aplicado as medidas ordinarias suficientes, axeitadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe, considérase que **debe permanecer un año máis no mesmo curso**, organizarase un plan específico de reforzo para que durante ese curso poida alcanzar o grao de adquisición das competencias. Esta decisión so se poderá adoptar unha vez durante a etapa e terá, **en todo caso, carácter excepcional**.

A LOE. A Educación Primaria.

4/5

Artigo 20: Avaliación durante a etapa.

- ~~3. Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas ao rematar o terceiro curso de Educación Primaria ...~~

Artigo 21. ~~Avaliación final de Educación Primaria.~~

- ~~1. Ao rematar o sexto curso de Educación Primaria, realizarase unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas...~~

Artigo 21. **Avaliación de diagnóstico.**

No cuarto curso de educación primaria todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias adquiridas polo seu alumnado. Estas avaliacións, de carácter censal, ...

Artigo 20 bis: Atención ás diferenzas individuais.

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención individualizada ao alumnado, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidos.

TÍTULO I. AS ENSINANZAS E A SÚA ORDENACIÓN.

CAPÍTULO III: Educación Secundaria Obligatoria.

~~Artigo 23 bis: Ciclos de Educación Secundaria Obligatoria.~~

~~A etapa de Educación Secundaria Obligatoria organízase en materias e comprende dous ciclos, o primeiro de tres cursos escolares e o segundo de un.~~

~~O segundo ciclo ou cuarto curso da Educación Secundaria Obligatoria terá un carácter fundamentalmente propedéutico.~~

Artigo 24: Organización dos cursos de 1º a 3º.

- **En 3º curso so existirá unha única modalidade na materia de Matemáticas** e non dúas como na actualidade (académicas e aplicadas).
- A materia de **Tecnoloxía pasa a denominarse Tecnoloxía e Dixitalización.**
- Establece que se cursará algunha materia optativa, **que poderá configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinar ou de colaboración cun servizo á comunidade.**

Artigo 25: Organización do 4º curso.

- **Desaparecen as dúas vías** que se estableceron coa LOMCE (académicas e aplicadas).
- Establece as materias comúns (Educación Física, Xeografía e Historia, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Lingua Estranxeira e Matemáticas con dúas opcións diferenciadas).
- **Ademais de tres materias dun conxunto delas que se establecerá coas CCAA.**
- Establece que se poderán cursar materias optativas, que darán continuidade ás dos cursos anteriores **e que poderán configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto de colaboración cun servizo á comunidade.**

A estrutura, organización, currículo, ... concretaranse a través de:

- **Real Decreto** de ensinanzas mínimas e ordenación da etapa: primeira concreción xeral da organización, contidos mínimos, ...
- **Decreto** polo que se establece o currículo en Galicia: concreción definitiva cos correspondentes currículos.

~~Artigo 27: Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento.~~

~~Desenvolvíanse nos cursos de 2º e 3º.~~

Artigo 27: Programas de diversificación curricular.

- **Desenvolveranse nos cursos de 3º e 4º.**
- **Os PDC estarán orientados á consecución do título de Graduado en ESO.**

A LOE. A Educación Secundaria Obrigatoria.

6/8

Artigo 28: Avaliación e promoción.

- En todo caso **promocionará o alumnado que teña acadado os obxectivos das materias ou ámbitos cursados ou teñan avaliación negativa nunha ou dúas materias.**
- ~~E repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas simultaneamente.~~
- ~~Co fin de facilitar aos alumnos e alumnas a recuperación das materias con avaliación negativa, as Administracións educativas regularán as condicións para que os centros organicen as oportunas **probos extraordinarias** nas condicións que determinen.~~

Artigo 28: Avaliación e promoción.

- O alumno ou alumna poderá repetir o mesmo curso unha soa vez ~~e dúas veces como máximo dentro da etapa.~~
- En todo caso, o alumno ou alumna poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez **e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.**

Artigo 29: ~~Avaliación de Educación Secundaria Obrigatoria.~~

Artigo 29: **Avaliación de diagnóstico.**

No 2º curso de educación secundaria obrigatoria todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias acadadas polo seu alumnado. ... Estas avaliacións, de carácter censal ...

~~Artigo 30: Proposta de acceso á Formación Profesional Básica.~~

Artigo 30: **Ciclos formativos de grao básico.**

- **Establece os ámbitos: Ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais, Ámbito de Ciencias Aplicadas e o Ámbito Profesional.**
- **Indica os criterios pedagóxicos.**
- **A superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo de grao básico conducirá á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.**

Artigo 41. Condicións de acceso e admisión.

1. O acceso aos ciclos de FP Básica requirirá o cumprimento simultáneo das seguintes condicións:

- a) Ter cumpridos 15 anos, ou cumprilos durante o año natural en curso, ~~e non superar os 17 anos no momento do acceso ou durante o ano natural en curso.~~
- b) Ter cursado o ~~primeiro ciclo~~ **3º curso** da ESO ou, excepcionalmente, ter cursado o 2º curso da ESO.
- c) Ter proposto o equipo docente aos pais, nais ou titores legais a incorporación do alumno ou alumna a un ciclo de FP Básica, ...

Artigo 32: Principios xerais.

- ~~• 2. Poderán acceder aos estudos de Bacharelato os alumnos e alumnas que estean en posesión do título de Graduado en ESO e teñan superado a avaliación final de ESO pola opción de ensinanzas académicas.~~
- Poderán acceder aos estudos de bacharelato quen estea en posesión do título de Graduado en ESO. Así mesmo poderán acceder ós estudos de bacharelato quen estea en posesión de calquera título de formación profesional, de artes plásticas e deseño ou de ensinanzas deportivas e aqueles outros casos previstos na Lei.**

Artigo 34: Organización xeral do bacharelato.

- Instaurase **unha nova modalidade de bacharelato**. As modalidades son Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais, Artes e **Xeral**.
- Establécense as materias comúns: Educación Física, Filosofía, **Historia da Filosofía**, Historia de España, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Lingua Estranxeira.
- **Corresponde ás Administracións educativas a ordenación das materias optativas. Os centros poderán facer propostas doutras optativas propias, que requirirán a aprobación previa por parte da Administración educativa correspondente.**

Artigo 34: Organización xeral do bacharelato.

- **As materias non están distribuídas por cursos ao ser eliminados os artigos 34bis e 34ter.**
-
- **Real Decreto** de ensinanzas mínimas e ordenación da etapa: primeira concreción xeral da organización, contidos mínimos, ...
 - **Decreto** polo que se establece o currículo en Galicia: concreción definitiva cos correspondentes currículos.

Artigo 41. Condicións de acceso e admisión.

O acceso a ciclos formativos de **grao medio** requirirá o cumprimento de a lo menos unha das seguintes condicións:

a) Estar en posesión de a lo menos un dos seguintes títulos:

1.º Título de Graduado en ESO, ~~sempre que o alumno ou alumna teña superado a avaliación final de ESO pola opción de ensinanzas aplicadas.~~

2.º Título Profesional Básico.

~~3.º Título de Bacharelato.~~

~~4.º Un título universitario.~~

~~5.º Un título de Técnico ou de Técnico Superior de Formación Profesional.~~

~~b) Estar en posesión dun certificado acreditativo de ter superado todas as materias de Bacharelato.~~

c) Ter superado un curso de formación específico para o acceso a ciclos de grao medio e ter 17 anos cumpridos no ano de finalización do curso.

d) Ter superado unha proba de acceso e ter 17 anos cumpridos no ano de realización da proba.

Artigo 41. Condicións de acceso e admisión.

O acceso a ciclos formativos de **grao superior** requirirá o cumprimento de a lo menos unha das seguintes condicións:

Estar en posesión do título de Bacharelato, dun ~~título~~ **grao** universitario, ou dun título de Técnico ou de Técnico Superior de Formación Profesional, ~~ou dun certificado acreditativo de ter superado todas as materias do Bacharelato,~~ ou ter superado unha proba de acceso, de acordo cos criterios establecidos polo Goberno, e ter 19 anos cumpridos no ano de realización da proba.

Ter superado un curso de formación específico preparatorio para o acceso a ciclos de grao superior en centros públicos ou privados autorizados pola administración educativa e ter 19 anos cumpridos no ano de finalización do curso.

A LOE. Alumnado con necesidades educativas especiais. 1/1

TÍTULO II. EQUIDADE NA EDUCACIÓN.

CAPÍTULO I: Alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Artigo 73: Ámbito.

~~Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.~~

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

TÍTULO IV. CENTROS DOCENTES.

CAPÍTULO II: Centros Públicos.

Artigo 111bis: Tecnoloxías da información e da comunicación.

2. As contornas virtuais de aprendizaxe que sexan empregados nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Así deberán permitir ós alumnos e alumnas o acceso, desde calquera sitio e momento, ás contornas de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes nos que estuden,...

TÍTULO V. PARTICIPACIÓN, AUTONOMÍA E GOBERNO DOS CENTROS.

CAPÍTULO II: Autonomía dos centros.

Artigo 121: Proxecto educativo.

1. ... O proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro,...
- 2 ter. O proxecto educativo incorporará un plan de mellora, que se revisará periodicamente, no cal, a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, se formulen as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e o contorno.

TÍTULO V. PARTICIPACIÓN, AUTONOMÍA E GOBERNO DOS CENTROS.

CAPÍTULO III: Órganos colexiados e de coordinación docente dos centros públicos.

Artigo 127: Competencias do Consello Escolar.

- a) **Aprobar e** avaliar os proxectos e as normas ós que se refire o capítulo II do título V da presente Lei orgánica.

Artigo 127: Competencias do Claustro (non cambian).

- a) Formular ó equipo directivo e ó Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.
- b) Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- c) Fixar os criterios referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.

A LOE. Avaliacións de diagnóstico.

1/1

TÍTULO VI. AVALIACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO.

Artigo 144: Avaliacións de diagnóstico.

1. ... Os centros docentes realizarán unha avaliación a todos os seus alumnos e alumnas en 4º curso de educación primaria e en 2º curso de ESO, segundo dispoñan as administracións educativas. A finalidade desta avaliación será diagnóstica e nela comprobarase, ao menos, o grao de dominio da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática. Os centros educativos terán en conta os resultados destas avaliacións no deseño dos seus plans de mellora.
4. Estas avaliacións, así como as reguladas no artigo anterior, terán en conta o alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade, incluídas, nas condicións de realización das ditas avaliacións, as adaptacións e recursos que tivese.

A LOE. Datos persoais do alumnado.

1/1

Disposición adicional vixésimo terceira.

2. Os pais ou titores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información a que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro docente suporá o tratamento dos seus datos e, se for o caso, a cesión de datos procedentes do centro en que estivo escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información a que se refire este número será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, e non se poderá tratar con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso.
3. No tratamento dos datos do alumnado aplicaranse normas técnicas e organizativas que garantan a súa seguridade e confidencialidade. O profesorado e o resto do persoal que, no exercicio das súas funcións, acceda a datos persoais e familiares ou que afecten ó honor e intimidade dos menores ou das súas familias quedará suxeto ao deber de sigilo.

A LOE. Programas e estratexias de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. 1/1

Disposición adicional cuadraxésimo novena.

As administracións educativas e a Administración local poderán desenvolver programas e estratexias de atención educativa complementaria de apoio á escolarización para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, mediante fórmulas non contractuais, con entidades privadas sen ánimo de lucro, institucións ou asociacións.

A LOE. Calendario de aplicación.

1/2

Disposición derradeira quinta.

1. No momento de entrada en vigor aplicáronse as modificacións relativas:
 - a) Á participación e competencias de consello escolar, claustro e director ou directora.
 - b) Á autonomía dos centros docentes.
 - c) Á selección do director ou directora nos centros públicos.
 - d) Á admisión de alumnado.
2. Ao inicio deste curso implantáronse:
 - a) As modificacións introducidas na avaliación e condicións de promoción das diferentes etapas educativas.
 - b) As modificacións introducidas nas condicións de titulación da ESO, FPB e bacharelato.
 - c) A titulación das ensinanzas profesionais de música e danza.
 - d) As condicións de acceso ás diferentes ensinanzas.

Disposición derradeira quinta.

3. No curso 2022/23 implantaranse as modificacións relativas:
 - a) Currículo, organización e obxectivos de 1º, 3º e 5º de educación primaria.
 - b) Currículo, organización, obxectivos e programas de 1º e 3º de ESO.
 - c) Currículo, organización e obxectivos de 1º de bacharelato.
 - d) Currículo, organización e obxectivos de 1º de FPB.
4. No curso 2023/24 implantaranse as modificacións relativas:
 - a) Currículo, organización e obxectivos de 2º, 4º e 6º de educación primaria.
 - b) Currículo, organización, obxectivos e programas de 2º e 4º de ESO.
 - c) Currículo, organización e obxectivos de 2º de bacharelato e acceso á universidade.
 - d) Currículo, organización e obxectivos de 2º de FPB.
 - e) Avaliacións de diagnóstico de 4º de primaria e 2º de ESO.

Proxecto de Real Decreto polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.

- Definicións.
- Áreas.
- Avaliación.
- Atención ás Diferenzas Individuais.

Artigo 2: Definicións.

- a) **Obxectivos**: Logros que se espera que o alumnado teña alcanzado ó finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave e das competencias específicas.
- b) **Competencias clave**: Desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo, e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Aparecen recollidas no anexo I deste real decreto e son a adaptación ao sistema educativo español das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea de 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.
- c) **Competencias específicas**: Desempeños que o alumnado debe poder despregar en actividades ou en situacións cuxo abordaxe require dos saberes básicos de cada área. As competencias específicas constitúen un elemento de conexión entre as competencias clave e os saberes básicos das áreas e os criterios de avaliación.

Artigo 2: Definicións.

- d) **Criterios de avaliación**: Referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren as competencias específicas de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe.
- e) **Saberes básicos**: Coñecementos, destrezas e actitudes que constitúen os contidos propios dunha área e cuxo aprendizaxe é necesario para a adquisición das competencias específicas.
- f) **Situacións de aprendizaxe**: Situacións e actividades que implican o despregamento por parte do alumnado de actuacións asociadas a competencias clave e a competencias específicas, e que contribúen á adquisición e desenvolvemento das mesmas.

Artigo 8: Áreas.

A áreas ~~do segundo ciclo da~~ **de** Educación infantil son as seguintes:

~~Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal~~ **Crecemento en harmonía.**

~~Coñecemento~~ **Descubrimento e exploración** do contorno.

~~Linguaxes:~~ Comunicación e representación **da realidade.**

Artigo 12: Avaliación.

1. A avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación.
2. A avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e características da evolución de cada neno ou nena. A estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas.
3. O proceso de avaliación deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e de aprendizaxe mediante a valoración da pertinencia das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados. Con esta finalidade, todos os profesionais implicados avaliarán a súa propia práctica educativa.
4. **As nais, pais ou titores legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos, fillas, tutelados ou tuteladas, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e colaborar nas medidas que adopten os centros para facilitar o seu progreso educativo.**

Educación Infantil. Atención ás diferenzas individuais. 1/2

Artigo 13: Atención ás diferenzas individuais.

1. Dada a importancia que posúen nesta etapa o ritmo e o proceso de maduración, a atención individualizada constituirá a pauta ordinaria da acción educativa do profesorado e demais profesionais da educación.
2. Con obxecto de garantir a inclusión, a intervención educativa contemplará a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e nenas e identificando aquelas características que poidan ter incidencia na súa evolución escolar co obxectivo de garantir a plena inclusión de todo o alumnado.
3. As Administracións educativas establecerán procedementos que permitan a detección temperá das dificultades que poidan darse nos procesos de ensino e aprendizaxe e a prevención das mesmas a través de plans e programas que faciliten unha intervención precoz. Así mesmo, facilitarán a coordinación de cantos sectores interveñan na atención deste alumnado.

Educación Infantil. Atención ás diferenzas individuais. 2/2

Artigo 13: Atención ás diferenzas individuais.

4. Os centros adoptarán as medidas axeitadas dirixidas ó alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo.
5. Así mesmo, adoptarán a resposta educativa que mellor se adapte ás características e necesidades persoais dos nenos e nenas que presenten necesidades educativas especiais.
6. **As Administracións educativas poderán incorporar á súa oferta educativa as linguas de signos españolas.**

-
- **Real Decreto** de ensinanza mínimas e ordenación da etapa: primeira concreción xeral da organización, contidos mínimos, ...
 - **Decreto** polo que se establece o currículo en Galicia: concreción definitiva cos correspondentes currículos.

Proxecto de Real Decreto polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.

- Áreas.
- Competencias Clave.
- Perfil de Saída.
- Tutoría e Orientación.
- Avaliación.
- Promoción.
- Atención á Diversidade.
- Autonomía dos Centros.
- Participación das Familias.

Artigo 8. Áreas.

- En todos os cursos:
 - Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural, que se poderá desdobrar en Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.
 - Educación Artística, que se poderá desdobrar en Educación Plástica e Visual, por unha parte, e **Música e Danza**, por outra.
 - Educación Física.
 - Lingua Castelá e Literatura.
 - Lingua Galega e Literatura.
 - Lingua Estranxeira.
 - Matemáticas.
- **Nalgún curso do 3º ciclo, Educación en Valores Cívicos e Éticos.**
- **As AAEE poderán engadir unha 2ª lingua estranxeira e/ou unha área de carácter transversal.**
- **As AAEE poderán incorporar á oferta educativa as linguas de signos españolas.**
- **Os centros poderán establecer agrupacións de áreas en ámbitos segundo o establecido polas AAEE.**

Educación Primaria. Competencias clave.

1/1

Artigo 9. Competencias clave e Perfil de saída do alumnado ó remate do ensino básico.

1. A efectos deste real decreto, as competencias clave do currículo son as seguintes:
 - a) Competencia en comunicación lingüística.
 - b) **Competencia plurilingüe.**
 - c) Competencia matemática e ~~competencia~~ **competencias básicas** en ciencia e tecnoloxía.
 - d) Competencia dixital.
 - e) Competencia **persoal, social e de** aprender a aprender.
 - f) ~~Competencias sociais e cívicas~~ **Competencia cidadá.**
 - g) ~~Sentido de iniciativa e espírito emprendedor~~ **Competencia emprendedora.**
 - h) Competencia en conciencia e expresión culturais.

Artigo 9. Competencias clave e Perfil de saída do alumnado ó remate do ensino básico.

2. O Perfil de saída do alumnado ó remate do ensino básico (en adiante Perfil de saída) constitúe a concreción dos principios e fins do sistema educativo referidos á educación básica que fundamenta o resto de decisións curriculares. O perfil identifica e define as competencias clave que o alumnado debe ter desenvolvido ó finalizar o ensino básico, e introduce orientacións sobre o nivel de desempeño esperado ó remate da Educación Primaria.
3. No anexo I deste real decreto defínense cada unha das competencias clave e o Perfil de saída.

Artigo 13. Tutoría e orientación.

3. No terceiro ciclo, desde a tutoría, coordinarase a incorporación de elementos de orientación académica e profesional que inclúan, a lo menos, o progresivo descubrimento de estudos e profesións e a xeración de intereses vocacionais libres de estereotipos sexistas.

Artigo 14. Avaliación.

7. Igualmente, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Artigo 15. Promoción.

1. **Ó final de cada ciclo, o** equipo docente adoptará as decisións relativas á promoción do alumnado de forma colexiada, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do titor ou titora.
4. **Ó finalizar cada un dos ciclos, o titor ou titora emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave por parte de cada alumno ou alumna, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo ou etapa seguinte.**

Artigo 16. Atención ás diferenzas individuais.

6. Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. En particular, estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na ensinanza e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presenta dificultades na súa comprensión e expresión. Estas adaptacións en ningún caso serán tidas en conta para minorar as cualificacións obtidas.

Artigo 17. Alumnado con necesidades educativas especiais.

1. As Administracións educativas establecerán os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se aparten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, co fin de atender ó alumnado con necesidades educativas especiais que as precisen, buscando permitirlle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.
2. No caso deste alumnado, os referentes da avaliación serán os incluídos nas ditas adaptacións, sen que este feito poda impedirilles promocionar de ciclo ou etapa.

Artigo 19. Alumnado con integración tardía no sistema educativo español.

1. A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ó sistema educativo español realizarase atendendo ás súas circunstancias, idade e historial académico. Cando presenten graves carencias na lingua ou linguas de escolarización, recibirán unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirán o maior tempo posible do horario semanal.
2. O alumnado que presente un desfase no seu nivel competencia curricular **dun ciclo ou máis**, poderán ser escolarizados no curso inferior ó que lle correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase e lle permitan continuar con proveito a súa aprendizaxe. No caso de superar dito desfase, incorporárase ó grupo correspondente á súa idade.

Artigo 21. Autonomía dos centros.

4. Os centros fixarán a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa e incorporarán o seu proxecto educativo, que impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientado ó exercicio dunha cidadanía activa.

Educación Primaria. Participación das familias.

1/1

Artigo 24.

Participación e dereito á información de nais, pais ou titores legais.

As nais, pais ou titores legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo do alumnado, colaborando nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros para facilitar o seu progreso. Terán, ademais, dereito a coñecer as decisións relativas á súa avaliación e promoción, así como o acceso ós documentos oficiais de avaliación e as probas e documentos das avaliacións que se realicen ós seus fillos, fillas, tutelados ou tuteladas, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

Proxecto de Real Decreto polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.

- Principios Xerais.
- Principios Pedagóxicos.
- Organización da Etapa.
- Perfil de Saída.
- Avaliación.
- Promoción e Titulación.
- Tutoría e Orientación.
- Atención á Diversidade.
- Formación Profesional básica.
- Autonomía dos Centros e Participación das Familias.

Artigo 5. Principios xerais.

1. A Educación Secundaria Obrigatoria ten carácter obrigatorio e gratuíto e en réxime ordinario cursarase, con carácter xeral, entre os doce e os dezaseis anos de idade, se ben os alumnos e as alumnas terán dereito a permanecer na etapa ata os dezoito anos de idade cumpridos no ano no que rematen o curso.
4. Entre as medidas sinaladas no apartado anterior⁽¹⁾ contemplaranse as adaptacións do currículo, a integración de materias en ámbitos, os agrupamentos flexibles, os desdobramentos de grupos, a oferta de materias optativas, os programas de reforzo e as medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

⁽¹⁾ *O apartado anterior fai referencia ás medidas de atención á diversidade.*

Artigo 6. Principios pedagógicos.

- Favorecer a capacidade de aprender por sí mesmos e promover o traballo en equipo.
- **Prestarase atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias establecidas no Perfil de saída do alumnado ó remate do ensino básico.**
- Fomentarase a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas.
- Dedicarase un tempo do horario lectivo á realización de proxectos significativos e relevantes e á resolución colaborativa de problemas.
- **Nos primeiros cursos da etapa, os profesores coa debida cualificación poderán impartir máis dunha materia ó mesmo grupo de alumnos e alumnas.**

ESO. Organización da etapa.

1/2

Artigo 8. Organización dos tres primeiros cursos.

- En todos os cursos:
 - Bioloxía e Xeoloxía e/ou Física e Química.
 - Educación Física.
 - Xeografía e Historia.
 - Lingua Castelá e Literatura.
 - Lingua Galega e Literatura.
 - Lingua Estranxeira.
 - Matemáticas.
 - Música e/ou Educación Plástica, Visual e Audiovisual.
 - Poderase incluír unha 2ª lingua Estranxeira.
 - A lo menos nun dos tres cursos, Tecnoloxía e Dixitalización.
 - Optativas: Cultura Clásica, TIC, 2ª Lingua Estranxeira (se non está en todos os cursos) e **algunha outra que poderá configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinar ou de colaboración cun servizo á comunidade.**
 - **As AAEE poderan incorporar as linguas de signos españolas.**
- Os centros, **nos tres primeiros cursos,** poderán establecer agrupacións de áreas en ámbitos segundo o establecido polas AAEE.
 - As AAEE procurarán en 1º **e 2º** o alumnado curse un máximo dunha materia mái que as áreas do último ciclo de Primaria.

ESO. Organización da etapa.

2/2

Artigo 9. Organización do cuarto curso.

- Educación Física.
- Xeografía e Historia.
- Lingua Castelá e Literatura.
- Lingua Galega e Literatura.
- Lingua Estranxeira.
- Matemáticas A ou Matemáticas B.

Tres materias entre:

- Bioloxía e Xeoloxía.
- Dixitalización.
- Economía e Emprendemento.
- Educación Artística.
- Física e Química.
- Formación e Orientación Persoal e Profesional.
- Latín.
- Música.
- 2ª Lingua Estranxeira.
- Tecnoloxía.

- O alumnado poderá cursar unha ou máis materias optativas.
- **As AAEE poderán incorporar neste curso as linguas de signos españolas.**

Artigo 10: Nalgún curso da etapa todo o alumnado cursará a materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos.

Artigo 11. Competencias clave e Perfil de saída do alumnado ó remate do ensino básico.

2. O Perfil de saída do alumnado ó remate do ensino básico fixa as competencias clave que o alumnado debe ter adquirido e desenvolvido ó finalizar o ensino básico. Constitúe o referente último do desempeño competencial, tanto na avaliación das distintas etapas e modalidades da formación básica, como para a titulación de Graduado en ESO. Fundamenta o resto de decisións curriculares, así como as estratexias e orientacións metodolóxicas na práctica lectiva.
3. No anexo I deste real decreto defínense cada unha das competencias clave e o Perfil de saída do alumnado ó remate do ensino básico.

Artigo 15. Avaliación.

4. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de forma diferenciada a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación.
5. A avaliación dun ámbito, no caso de que se configure, realizarase tamén de xeito integrado.
9. Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado garantíndose que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

ESO. Promoción e titulación.

1/2

Artigo 16. Promoción.

2. Os alumnos e alumnas promocionarán de curso cando o equipo docente considere que as materias ou ámbitos que, no seu caso, puideran non ter superado, non lles impiden seguir con éxito o curso seguinte e se estime que teñen expectativas favorables de recuperación e que dita promoción beneficiará a súa evolución académica. En todo caso promocionará quen teña superado as materias ou ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias.
4. O alumnado de PDC deberá superar as avaliacións correspondentes, naquelas materias de cursos anteriores que non tivesen superado e que non estivesen integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se supera o ámbito correspondente.
6. Nos PDC, as decisións sobre a permanencia un ano máis nos mesmos adoptarase exclusivamente ó remate do segundo ano.

Artigo 17. Título de graduado en ESO.

2. As decisións sobre a obtención do título serán adoptadas de forma colexiada polo profesorado. As AAEE poderán establecer criterios para orientar a toma de decisións dos equipos docentes con relación ó grao de adquisición das competencias clave establecidas no Perfil de saída en canto ó logro dos obxectivos da etapa, sempre que ditos criterios non impliquen a fixación do número nin da tipoloxía das materias non superadas.

Artigo 18. Tutoría e orientación.

Consello orientador:

- Ao rematar o 2º curso.
- Ao rematar o 3º curso se é proposto para cursar FPB.
- Ao rematar a etapa ou concluír a súa escolarización.

Artigo 19. Atención ás diferenzas individuais.

1. Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. **En particular, estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na ensinanza e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que presenta dificultades na súa comprensión e expresión.** Estas adaptacións en ningún caso serán tidas en conta para minorar as cualificacións obtidas.

Artigo 20. Alumnado con necesidades educativas especiais.

2. As AAEE establecerán os procedementos oportunos para realizar adaptacións dos elementos do currículo que se aparten significativamente dos que determina este real decreto cando se precise de elas para facilitar a este alumnado a accesibilidade ó currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias y conterán os referentes de avaliación deste alumnado, sen que este feito poida impedirilles a promoción ou titulación.
3. A escolarización deste alumnado na etapa de ESO en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que favoreza a obtención do título de Graduado en ESO.

Artigo 22. Alumnado con integración tardía no sistema educativo español.

1. A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ó sistema educativo español realizarase atendendo ás súas circunstancias, idade e historial académico. Cando presenten graves carencias na lingua ou linguas de escolarización, recibirán unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirán o maior tempo posible do horario semanal.
2. O alumnado que presente un desfase no seu nivel competencia curricular **de dous ou máis cursos**, poderán ser escolarizados no curso inferior ó que lle correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase e lle permitan continuar con proveito a súa aprendizaxe. No caso de superar dito desfase, incorporárase ó grupo correspondente á súa idade.

Artigo 24. Programas de diversificación curricular.

Con carácter xeral, os PDC levaranse a cabo en dous anos, en 3º e 4º cursos.

Poderá incorporarse o alumnado que:

- Ó finalizar 2º, non estea en condicións de promocionar e o equipo docente considere que a repetición non vai supoñer un beneficio na súa evolución académica.
- Finalice 3º e estea na situación do parágrafo anterior. Incorporación en 3º ESO.
- Excepcionalmente, ó rematar 4º, sen titular e se o equipo docente considera que esta medida lle permitirá obter o título sen exceder os límites de permanencia previstos.

En todos os casos, a incorporación a estes programas requirirá, ademais da avaliación académica, un informe de idoneidade da medida nos termos que establezan as AAEE, y realizárase unha vez oído o propio alumno ou alumna, e contando coa conformidade das súas nais, pais, titoras ou titores legais.

Artigo 25. Ciclos formativos de grao básico.

Proposta cando o perfil académico e vocacional do alumno ou alumna así o aconselle, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) que teñan cumpridos 15 anos, ou os cumpran durante o ano natural en curso.
- b) que cursaran 3º de ESO ou, excepcionalmente, 2º.

A superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo de grao básico conducirá á obtención do título de Graduado en ESO.

Os referentes da avaliación, no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, serán os incluídos nas correspondentes adaptacións do currículo, sen que este feito poida impedirles a promoción ou titulación

ESO. Autonomía dos centros e participación das familias.

**Tamén é de aplicación o que se comentou
ao falar destes temas na Educación Primaria.**

Proxecto de Real Decreto polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas do Bacharelato.

- Principios Xerais.
- Organización.
- Titulación.
- Atención á Diversidade.
- Autonomía dos Centros e Participación das Familias.

Bacharelato. Principios xerais.

1/1

Artigo 5. Principios xerais.

1. Podrán acceder ós estudos de Bacharelato quen estea en posesión do título de Graduado en ESO ou de cualquiera dos títulos de Técnico ou Técnico Superior de Formación Profesional, ou de Artes Plásticas e Diseño, ou Técnico Deportivo ou Técnico Deportivo Superior.
2. Os alumnos e alumnas poderán permanecer cursando Bacharelato en réxime ordinario durante catro anos, consecutivos ou non.

1º CURSO	MATERIAS COMUNES		— Educación Física — Filosofía — Lengua Castellana y literatura I y, si la hubiese, Lengua Cooficial y Literatura I — Lengua extranjera I				
	MATERIAS DE MODALIDAD		CIENCIAS Y TECNOLOGÍA	HUMANIDADES Y CIENCIAS SOCIALES	ARTES		GENERAL
					MÚSICA Y ARTES ESCÉNICAS	ARTES PLÁSTICAS, IMAGEN Y DISEÑO	
		Una obligatoria	— Matemáticas I	— Latín I o — Matemáticas aplicadas a las CCSS I	— Análisis musical I o — Artes escénicas I	— Dibujo artístico I	— Matemáticas generales
	Dos a elegir	— Biología, Geología y Ciencias Ambientales — Tecnología e Ingeniería I — Dibujo Técnico I — Física y Química	— Griego I — Economía — Hª del mundo contemporáneo — Literatura universal — Materia obligatoria de esta modalidad no cursada	— Coro y técnica vocal I — Lenguaje y práctica musical — Cultura audiovisual — Materia obligatoria esta de modalidad no cursada	— Volumen — Cultura audiovisual — Proyectos artísticos — Dibujo Técnico aplicado a las Artes Plásticas y al Diseño I	— Economía, emprendimiento y actividad empresarial — Materias de otras modalidades de oferta en el centro	
OPTATIVAS		Las que establezcan las CCAA.					
2º CURSO	MATERIAS COMUNES		— Historia de la Filosofía — Historia de España — Lengua castellana y Literatura II y, si la hubiere, Lengua Cooficial y Literatura II — Lengua Extranjera II				
	MATERIAS DE MODALIDAD		CIENCIAS Y TECNOLOGÍA	HUMANIDADES Y CIENCIAS SOCIALES	ARTES		GENERAL
					MÚSICA Y ARTES ESCÉNICAS	ARTES PLÁSTICAS, IMAGEN Y DISEÑO	
		Una obligatoria	— Matemáticas II o — Matemáticas aplicadas a las CCSS II	— Latín II o — Matemáticas aplicadas a las CCSS II	— Análisis Musical II o — Artes escénicas II	— Dibujo artístico II	— Ciencias generales
	Dos a elegir	— Biología — Geología y Ciencias ambientales — Tecnología e ingeniería II — Dibujo Técnico II — Física — Química	— Griego II — Empresa y diseño de modelos de negocio — Geografía — Historia del arte — Materia obligatoria de esta modalidad no cursada	— Coro y técnica vocal II — Hª de la Música y de la Danza — Literatura dramática — Materia obligatoria esta de modalidad no cursada	— Técnicas de expresión gráfico-plástica — Fundamentos artísticos — Diseño — Dibujo Técnico aplicado a las Artes Plásticas y al Diseño II	— Movimientos culturales y artísticos — Materias de otras modalidades de oferta en el centro	
Optativas		Las que establezcan las CCAA.					

Artigo 22. Título de Bacharel.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de Bacharelato por un alumno ou alumna que teña superado todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
- a) que o equipo docente considere que o alumno ou a alumna ten acadado os obxectivos e competencias vinculados a ese título.
 - b) que no se teña producido unha non asistencia continuada e non xustificada por parte do alumno ou a alumna na materia.
 - c) que o alumno ou a alumna se teña presentado ás probas e realizado as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - d) que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, a efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

Artigo 25. Atención ás diferenzas individuais.

1. Estableceranse medidas de apoio educativo para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe. **En particular, estableceranse para este alumnado, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na ensinanza e avaliación da lingua estranxeira. Estas adaptacións en ningún caso serán tidas en conta para minorar as cualificacións obtidas.**

Bacharelato. Autonomía dos centros e participación das familias.

**Tamén é de aplicación o que se comentou
ao falar destes temas na Educación Primaria.**

ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

- Carácter da Avaliación.
- Atención ás Diferenzas Individuais na Avaliación.
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria Obrigatoria.
- Bacharelato.
- Adaptación da Concreción Curricular do Centro.

Artigo 3. Carácter da avaliación.

3. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na *Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.*

Orde do 25/01/2022. Atención ás diferenzas individuais na avaliación. 1/1

Artigo 4. Atención ás diferenzas individuais na avaliación.

1. Os centros aplicarán as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.
2. **Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.**
3. Cando as circunstancias persoais da alumna ou do alumno con necesidades educativas especiais o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, este alumnado poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.

Artigo 5. Avaliación.

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

Artigo 6. Promoción (1).

1. **Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa**, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado tutor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.
2. **O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.**

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso cun plan específico de reforzo. **Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.**

Artigo 6. Promoción (2).

5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.
6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

Artigo 7. Avaliación (1).

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en ESO.

Artigo 7. Avaliación (2).

7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. **A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.**
8. **O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.**

Artigo 7. Avaliación (3).

10. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.
11. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. **De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.**

Artigo 8. Promoción (1).

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, **na sesión de avaliación final**, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados **ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.**

Artigo 8. Promoción (2).

- 2 (cont). **Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:**
- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.**
 - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.**
 - c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.**
 - d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.**

Artigo 8. Promoción (3).

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
4. **Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021.**
5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Artigo 8. Promoción (4).

6. Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.
7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, **e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio**. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade ao que se refire o artigo 4.2 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 9. Consello orientador.

Entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a tutoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador que incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación:

- **Ao finalizar o 2º curso.**
- **Ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización. Neste caso incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes.**
- **Cando o equipo docente estime conveniente propor a pais, nais, titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación á FP básica ou a un PDC ou ao primeiro curso dun PMAR.**

Será elaborado polo profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación.

Artigo 10. Título de graduado en ESO (1).

1. Ao finalizar o 4º curso o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en ESO o alumnado que supere todas as materias cursadas. **Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:**
 - a) **Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.**
 - b) **Que a xuízo do equipo docente adquirise as competencias establecidas.**
 - c) **Que a xuízo do equipo docente alcanzase os obxectivos da etapa.**

Artigo 10. Título de graduado en ESO (2).

3. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na ESO, unha certificación oficial na que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.
4. **O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do 4º curso de ESO, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.**

Artigo 11. Título de graduado en ESO desde a FP básica.

A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en ESO.

Artigo 12. Matrícula de honra.

- Nota media do 4º curso igual ou superior a nove puntos.
- Número máximo: igual ao inteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no 4º curso.
- En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no 4º curso de ESO sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

Os criterios para a concesión serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

DA 1ª. PMAR.

2. O alumnado que curse no 2021-2022 o 3º curso de ESO nun PMAR acadará a promoción ao 4º curso se cumpre as condicións de promoción que se establecen no artigo 8 desta orde para a ESO.
3. O alumnado que no 2021-2022 cursase o 2º curso de ESO nun PMAR poderá incorporarse de xeito automático ao 1º curso dun PDC no curso 2022-2023. Así mesmo, poderao facer quen finalizase o 3º curso de ESO nun PMAR e non estea en condicións de acadar a promoción a 4º curso, sempre que a incorporación ao programa lle permita obter o título dentro dos límites de idade establecidos.
4. O equipo docente poderá propor que, para o curso 2022-2023, se incorpore ao 1º curso dun PMAR o alumnado que finalicen o 1º curso de ESO no curso 2021-2022 e que, repetindo algunha vez con anterioridade, non estean en condicións de promocionar, se se estima que esta medida pode resultar conveniente para o seu progreso educativo. No curso 2023-2024 este alumnado poderá incorporarse de xeito automático ao 1º curso dun PDC.

Artigo 13. Avaliación (1).

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

Artigo 13. Avaliación (2).

6. No 2º curso, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.

No 1º curso, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.

8. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

9. As decisións adoptadas irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Artigo 14. Promoción (1).

2. O alumnado acadará a promoción de 1º a 2º cando superen as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo se deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua galega e literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.
3. O alumnado que acade a promoción ao 2º curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de 2º curso.
4. As alumnas e os alumnos do 1º curso que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso completo.

Artigo 14. Promoción (2).

5. A superación das materias de 2º curso que se indican no anexo VI do Decreto 86/2015 estará condicionada á superación das correspondentes materias de 1º curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, o alumnado poderá matricularse de 2º curso sen cursar a correspondente materia de 1º curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de 2º. En caso contrario, deberá cursar a materia de 1º curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións nas que acadou a promoción a segundo.
6. As alumnas e os alumnos que ao termo do 2º curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias.

Artigo 15. Título de bacharel.

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
3. **Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título para o alumnado que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:**
 - a) **Que o equipo docente considere que alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.**
 - b) **Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada na materia.**
 - c) **Que se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.**
 - d) **Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.**

Artigo 16. Título de bacharel desde outras ensinanzas.

1. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional poderá obter o título de bacharel pola superación das seguintes materias: Filosofía, Historia de España, Lingua castelá e literatura I e II, Lingua galega e literatura I e II, Primeira lingua estranxeira I e II.
2. Ademais das citadas no punto anterior, cumprirá que este alumnado teña superadas as seguintes materias, en función da modalidade do título que desexe obter:
 - Modalidade de Ciencias: Matemáticas I e II.
 - Modalidade de Humanidades e ciencias sociais:
 - × Itinerario de Humanidades, Latín I e II.
 - × Itinerario de Ciencias sociais, Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I e II.
 - Modalidade de Artes: Fundamentos da arte I e II.
3. Poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes o alumnado que teña o título de técnica ou técnico en artes plásticas e deseño, e o alumnado que superara as ensinanzas profesionais de música ou de danza, e supere as materias establecidas no punto 1, e as correspondentes á citada modalidade conforme o punto 2.

Artigo 17. Obtención do título de bacharel polo réxime para persoas adultas.

1. O alumno que curse o bacharelato polo réxime para persoas adultas obterá o título sempre que obtivese avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos, **ou en todas as materias agás unha. Neste último caso, deberanse reunir as condicións seguintes:**
 - a) Que o equipo docente considere que alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
 - b) Que non se produciu un abandono da materia, conforme os criterios establecidos por parte dos centros no marco do disposto pola consellería.
 - c) Que se presentou a todas as probas e realizou todas as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa sexa igual ou superior a cinco.

Artigo 18. Matrícula de honra.

- Nota media do 2º curso igual ou superior a nove puntos.
- **Número máximo: igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no 2º curso.**
- **En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no 2º curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.**

Os criterios para a concesión serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

DA 4ª. Adaptación da concreción curricular do centro.

1. Os centros docentes disporán dun prazo de 2 meses para adaptar a súa concreción curricular para a adecuar aos cambios normativos na avaliación, na promoción e na titulación.
2. Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de promoción e, de ser o caso, os criterios de titulación que resultarán de aplicación no curso 2021-2022.

ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Informe sobre Medidas de Reforzo Educativo.
- Expediente dunha Adaptación Curricular.
- Informe sobre Medidas de Apoio Educativo.
- Medidas de Atención á Diversidade que Deben Ser Autorizadas pola Inspección Educativa.

Orde do 08/09/2021. Informe sobre medidas de reforzo. 1/1

Artigo 48. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (Anexo I).

Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo.

- Datos da alumna ou do alumno.
- Por cada área ou materia na que recibiu reforzo:

1. Área ou materia.
2. Apelidos e nome do profesorado da área ou materia.
3. Datos do reforzo educativo: data de comezo e de remate.
4. Descrición das medidas desenvolvidas. —————→

- 4.1. Cal foi o motivo?
 - 4.2. En que consistían? (breve descrición)
 - 4.3. Con que frecuencia se presentaban? (temporalización)
 - 4.4. Cando as realizaba a alumna ou o alumno?
 - 4.5. Quen lle axudaba?: (profesorado con dispoñibilidade horaria)
 - 4.6. Como se avaliaban? (corrixían)

5. Valoración final da medida de reforzo: acadáronse os obxectivos previstos nelas/foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).
6. Previsión para o curso seguinte (indicar se se considera que esta alumna ou este alumno, no curso próximo, poden verse beneficiados ou non por unhas medidas regulares de reforzo educativo na área ou materia)
7. Asinado polo titor ou titora e o membroi do claustro que realizou o reforzo.

Artigo 55. Adaptacións curriculares (Anexo II).

A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo II.

1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO OU DA ALUMNA

2. DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE

3. DATOS PSICOSOCIAIS MÁIS RELEVANTES

4. DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR

2.1. Características do desenvolvemento
2.2. Datos médicos relevantes

3.1. Desenvolvemento cognitivo
3.2. Trazos da personalidade
3.3. Intereses manifestados
3.4. Nivel de adaptación persoal e interacción social

4.1. Estrutura familiar
4.2. Lingua habitual da familia
4.3. Características da dinámica familiar
4.4. Expectativas familiares sobre a alumna ou o alumno
4.5. Pautas educativas, valores e normas no seo familiar
4.6. Relación e cooperación co centro educativo

Artigo 55. Adaptacións curriculares (Anexo II).

5. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR

- 5.1. Forma organizativa do centro
- 5.2. Forma organizativa da aula
- 5.3. Colaboración e participación dos distintos servizos educativos

6. DATOS PEDAGÓXICOS

- 6.1. Aspectos relevantes da escolarización
- 6.2. Currículo de referencia
- 6.3. Competencias xa adquiridas respecto do currículo de referencia en cada unha das áreas ou materias
- 6.4. Necesidades educativas respecto das capacidades (criterios de avaliación) establecidas no currículo de referencia
- 6.5. Preferencia de aprendizaxe
- 6.6. Estratexias de aprendizaxe
- 6.7. Grao de motivación e intereses educativos
- 6.8. Pertinencia de realizar unha adaptación curricular e medidas de atención á diversidade aplicadas
- 6.9. Período de tempo para o que se propón a adaptación curricular
- 6.10. Áreas ou materias para adaptar
- 6.11. Recursos para empregar
- 6.12. Seguimento e avaliación da adaptación curricular
- 6.13. Criterios para a promoción
- 6.14. De ser o caso, criterios para a titulación

Artigo 55. Adaptacións curriculares (Anexo II).

7. ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA E OPINIÓN DESTA

8. PERSOAS PROFESIONAIS PARTICIPANTES



- 8.1. Dirección
- 8.2. Xefatura de estudos
- 8.3. Profesorado titor
- 8.4. Profesorado das áreas ou materias adaptadas
- 8.5. Profesorado de apoio
- 8.6. Xefatura do departamento de orientación
- 8.7. Outras persoas profesionais

9. PROPOSTA CONCRETA DAS ÁREAS OU MATERIAS ADAPTADAS (CURRÍCULO ADAPTADO)

- Deben transcribirse os criterios de avaliación do decreto do currículo que corresponda. Cada criterio do currículo de referencia debe ter un correspondente no currículo adaptado, agás que se suprima. Débese indicar a súa redución (R), ampliación (A) ou supresión (S).
- Debe manterse a mesma codificación dos criterios de avaliación que figuran nos decretos de currículo.

Debe ser asinado pola dirección, o profesorado titor e o das materias xunto coa persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación.

Artigo 57. Apoio do profesorado especialista en PT e/ou en AL (Anexo V).

O profesorado especialista en PT e AL deberá elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado por dito departamento .

- Datos da alumna ou do alumno.
- Datos do profesorado de apoio (cada especialista un informe).
- Datos das medidas de apoio:
 1. Áreas ou materias nas que recibiu apoio.
 2. Data de comezo do apoio e de remate.
 3. Horario semanas e modalidade de apoio realizado (especificar día/s da semana, horario e modalidade, dentro da aula ordinaria e fóra dela)

Artigo 57. Apoio do profesorado especialista en PT e/ou en AL (Anexo V).

- Datos das medidas de apoio:

4. Descrición das medidas de apoio.



- 4.1. Tipo de tarefas realizadas
- 4.2. Principais materiais utilizados
- 4.3. Horario ou frecuencia de coordinación co profesorado da área ou da materia
- 4.4. Horario ou frecuencia de coordinación co profesorado titor
- 4.5. Como se avaliaron as medidas de apoio

5. Valoración final da medida de reforzo: acadáronse os obxectivos previstos nelas/foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).
6. Previsión para o curso seguinte (indicar se se considera que esta alumna ou este alumno, no curso próximo, poden verse beneficiados ou non por unhas medidas regulares de apoio educativo educativo, en que área ou materia, mediante que modalidade -dentro da aula ordinaria, fóra dela ou mixta e número de horas semanais na área ou materia)
7. Asinado polo titor ou titora e o membroi do claustro que realizou o apoio.

Orde do 08/09/2021. Medidas que deben ser autorizadas pola IE.

1/1

Medidas que deben ser autorizadas pola inspección educativa.

- As adaptacións curriculares.
- Os agrupamentos flexibles.
- Grupos de adquisición de linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.
- Programas de diversificación curricular.



Grazas pola súa atención.

F2102007 – Actualización normativa para a atención á diversidade.

8 de febreiro de 2022.
Manuel Trigás Verdini.